

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente prego é a contratación dun *Servizo de Telecomunicacións de Voz (tanto fixa como móbil), acceso a internet de banda larga e transmisión e almacenamento de datos para o Concello de Ames* que comprenda todas as comunicacións que sexan necesarias para o correcto funcionamento e desenvolvemento das tarefas propias deste concello, tanto dentro da Casa Consistorial como fora da mesma, así como as infraestruturas e o seu mantemento, necesarias para a correcta prestación do servizo durante o seu período de duración, de acordo coas determinacións contidas neste prego e no de prescricións técnicas.

Esta licitación levarase a cabo de maneira integral, sen división do servizo en lotes, en base ao análise exhaustivo efectuado pola Área de Reforma Administrativa acerca das necesidades municipais que presenta este concello.

A finalidade desta unificación é poder obter unha rede multiservizo converxente de servizos xestionados, que permita o uso de múltiples dispositivos, homoxeneizando a experiencia do usuario, independentemente da ubicación, orientada totalmente a satisfacer a demanda do Concello e coa utilización dos recursos necesarios para cada necesidade, sen separar entornos, e que a responsabilidade dos mesmos corresponda a un único adxudicatario.

Entendendo que, actualmente, existen no mercado servizos maioristas que facilitan a calquera a prestación destes servizos, o Concello debe buscar unha eficiencia económica e técnica nun contexto cada vez de maior integración na prestación dos servizos TIC, considerándose polo tanto como máis idóneo que a tramitación deste expediente se leve a cabo de maneira integral, sen división de lotes polos motivos que se reflicten a continuación:

Non división en lotes

A converxencia dos diferentes servizos de telecomunicacións é unha realidade que está en constante evolución, propiciada pola innovación e impulsada polos esquemas de tarifa plana. Involucra distintos ámbitos (servizos, dispositivos e redes) permitindo os usuarios beneficiarse dunha maior conectividade, mobilidade, flexibilidade, accesibilidade e seguridade.

Dada a importancia dos servizos de comunicacións electrónicas en todos os procesos da cadea de valor das Administracións Públicas, os aforros de custes e as novas posibilidades ofertadas polos servizos emerxentes orixinan melloras na competitividade e produtividade de estas. De este xeito, a converxencia propicia a eficiencia das mesmas.

As administracións públicas, aproveitan as eficiencias dos diferentes servizos converxentes, impulsando e optimizando as súas estratexias dixitais, nos diversos ámbitos: e-Government. A conectividade e calidade melloradas grazas os servizos converxentes resultan clave para maximizar as posibilidades, prestacións e alcance dos servizos públicos.

Nos últimos anos estamos asistindo a unha converxencia de redes e servizos que fan difícil realizar unha separación clara entre as diferentes tecnoloxías. Trátase de que nas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC's) se cree un entorno converxente que englobe a todas as tecnoloxías e servizos de uso habitual.

Todos os operadores de telecomunicacións están despregando o que se denomina Redes de Próxima Xeración (redes NGN), redes capaces de prover servizos integrados, isto é,

lograr unha converxencia tecnolóxica de servizos (voz, datos, vídeo,...) baseados en tecnoloxías IP (datos, VoIP, vídeo sobre IP, ...), todo sobre unha única infraestrutura.

Por todo isto, o Concello de Ames pretende, entre outros obxectivos, avanzar na integración de redes e servizos, e dotarse das ferramentas para que calquera usuario, con independencia da súa ubicación, poida acceder a totalidade dos servizos municipais, incrementando a eficiencia e produtividade da organización e mellorando a calidade dos servizos ofertados os cidadáns.

Por elo solicítase a creación dunha rede de centros integrados que soporte as necesidades de comunicacións de voz e datos entre as diferentes sedes municipais.

Un dos servizos críticos para a actividade municipal é o servizo ToIP (Telefonía sobre IP). En calquera implementación de ToIP os parámetros de calidade de servizo (QoS) baixo a recomendación da Unión Internacional de Telecomunicacións (norma ITU G.114) basease na creación dunha VLAN (virtual LAN) para a voz que cumpra cos seguintes requirimentos:

- ◆ perda de paquetes < 1 %
- ◆ retardo < 150 ms
- ◆ ancho de banda garantido por chamada en función do códec empregado: 21 – 106 Kbps
- ◆ ancho de banda garantido por teléfono IP para tráfico de control: 150 Bps

A infraestrutura solicitada soporta servizos críticos para a actividade municipal, ademais da relación por diferentes canais do Concello cos cidadáns, empresas e outras Administracións. Tamén permite o acceso os servidores e bases de datos que fan posible o funcionamento do ente local e o acceso dos cidadáns a Administración Electrónica a que obriga a Lei 11/2007. Polo tanto é de vital importancia garantir que se dispón dos servizos de telecomunicacións que se necesitan, cos maiores niveis de calidade, seguridade e dispoñibilidade.

O Concello de Ames pretende dispor dunha rede corporativa baseada en tecnoloxías IP (protocolo de internet) conformando así unha rede única multiservicio (servizos de voz sobre IP, datos, interconexión das diferentes sedes, Rede Privada de Voz móbil, vídeo, ...).

Na actualidade, os servizos de voz e datos están soportados sobre unha infraestrutura heteroxénea, coexistindo diferentes tecnoloxías así como unha xestión diversificada da mesma.

O Concello de Ames, mediante este procedemento de contratación, pretende homoxeneizar as diferentes tecnoloxías latentes e a xestión de servizos, requirindo os diferentes licitadores un servizo de telecomunicacións integral (solución converxente de interconexión de datos entre diferentes redes, plataforma de telefonía sobre IP fixa e móbil integradas).

O emprego da VoIP (voz sobre IP) implica unha confluencia de redes de área local (LAN), redes de área extensa (WAN) e telefonía, de xeito que aparece así a rede multiservicio única, tendo como finalidade garantir os acordo de nivel de servizo de extremo a extremo necesarios.

Nos accesos a rede corporativa de datos empréganse diferentes tecnoloxías: fibra óptica, ADSL, UMTS, HSDPA/HSUPA, ... formando unha rede única (Rede Corporativa do Concello de Ames), con xestión única e cos mesmos servizos.

Todos os usuarios da Rede Corporativa do Concello de Ames deben dispor das mesmas funcionalidades, independentemente da ubicación. Diferentes adxudicacións poden ocasionar importantes diferenzas entre os servizos implantados.

A converxencia da telefonía fixa, telefonía móbil e datos que este Concello pretende posibilita solucións de encamiñamento do tráfico importantes, a posibilidade de establecer tarifas planas para tráfico conxunto, solucións de backup conxuntas, optimización dos custos ...

O Concello de Ames desexa beneficiarse da evolución tecnolóxica para, de este xeito, poder ofrecer un servizo de comunicacións de voz, fixa e móbil, os seus usuarios, co obxectivo de facer transparente o usuario final as tecnoloxías latentes nas solucións obxecto de este concurso.

A subdivisión en lotes, implicaría o uso de diferentes tecnoloxías por parte de diferentes operadores, o que carregaría unha dificultade importante a hora de integrar as diferentes funcionalidades que tal integración aporta: realización de chamadas fixo/móbil - móbil/fixo

mais económicas incluso coa posibilidade de establecer tarifas planas, posibilidade de realizar chamadas dende números curtos fixo/móbil – móbil/fixo, acceso a mensaxería único (buzón fixo ou móbil único) , ... e en xeral unha mellora das condicións de prestación do servizo así como unha xestión máis eficiente do mesmo e un custo menor.

Sería bastante complexo realizar unha xestión unificada tendo distintos provedores ou operadores de telecomunicacións con servizos diversificados, diferentes tarifas e diferentes tecnoloxías o cal redundaría finalmente nun maior custo económico e de xestión, tanto técnica como administrativa, por parte dos técnicos municipais, ofrecendo un servizo de calidade moi inferior os usuarios.

Por todo o exposto anteriormente, considerase axeitado englobar todos os servizos en un lote único, dado que as diferentes prestacións recollidas no obxecto do contrato están interrelacionadas

Por último engadir que consolídase a aplicación do principio de economía e eficiencia na xestión, e a potestade de auto-organización recoñecida as entidades locais.

Principio de neutralidade tecnolóxica

A experiencia existente ata a data no Concello de Ames, en canto a infraestrutura implantada de voz e datos, demostra con creces que os problemas, sempre se produciron en aquelas conexións sen medios de transmisión físicos, é dicir, as que empregan o espazo aéreo para o seu funcionamento (radio-enlaces ou enlaces vía radio). En catro ocasións estivo o radio-enlace caído durante un período de tempo de unha semana, isto é, un total de 28 días. O dimensionamento da arquitectura de rede existente provocou que tanto as sedes remotas (Milladoiro) como as sedes Bertamiráns estiveran sen conexión entre elas e sen acceso a Internet ou con unha taxa moi baixa (liñas de backup) que imposibilitaba o normal desenvolvemento das tarefas por parte dos usuarios en todas e cada unha delas (11 sedes en total), ou en algúns casos, provocou unha paralización total das mesmas.

O requirimento de medios físicos está avalado polas características técnicas de cada tecnoloxía. De este xeito, e baseándonos en diferentes variables, pasamos a detallar as características de cada unha:

- Taxa de error:

Os sistemas baseados en fibra óptica teñen unha mellor taxa de error (BER, Bit Error Rate) que calquera sistema de radio. Aínda que un sistema de radio ofrezca unha alta velocidade ten unha taxa de error maior, reducíndose a velocidade efectiva de transferencia. O BER é o parámetro fundamental que nos determina a calidade da sinal, pois cuantifica o número de erros de bit dunha trama, con independencia da orixe do erro.

- Dispoñibilidade:

Os radio-enlaces de datos presentan unha gran sensibilidade a factores ambientais como choivas, ventos, raios, tormentas solares, interferencias de radio, ... que afectan o mantemento e dispoñibilidade do servizo. Unha das características diferenciais da fibra óptica e o seu nivel de dispoñibilidade. Basicamente poderíamos dicir que si unha fibra e comprobada e certificada, e non intercede obra algunha que decida facer trizas algunha canalización, a dispoñibilidade da fibra e do 100%. Por outra banda, a rede de telefonía móbil está baseada na compartición de recursos de rede e en algoritmos “best effort” para a dispoñibilidade de canais nos que non existen unha garantía de calidade de servizo (QoS) para as comunicacións.

- Inmunity a interferencias:

Aínda que os radio-enlaces dixitais evolucionaron moito nos últimos tempos, nunca estarán libres de perturbacións electromagnéticas. De feito, os radio-enlaces máis modernos o que fan e cambiar o seu esquema de modulación baixando a súa velocidade.

- Dificultade de interceptación:

Calquera sinal no aire e máis doada de interceptar que nun medio físico.

Estes parámetros son de natureza técnica, objetivables e independentes das propostas comerciais de calquera operador.

2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato cualifícase como de servizos de carácter administrativo, segundo os artigos 10 e 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, quedando sometido a dita Lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, en canto continúe vixente, ou ás normas

reglamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no correspondente de prescricións técnicas.

Será especialmente de aplicación supletoria a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos, e a restante normativa comunitaria sobre contratación pública.

A codificación correspondente para este servizo público segundo o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento 213/2008-CE, de 28 de novembro de 2007 son os de 64200000-8, Servizo de telecomunicacións, 64210000-1, Servizos telefónicos e de transmisión de datos, 64212000-5, Servizos de telefonía móbil e 50332000-1, Mantemento de infraestruturas de telecomunicacións.

Categoría 5: Servizos de Telecomunicación.

Asemade, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas
- O documento no que se formalice o contrato
- Oferta que presenta o licitador, sempre que cumpra co establecido nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

Aos efectos do presente prego, **tratase dun contrato suxeito a regulación harmonizada** como consecuencia do efecto directo do artigo 2.9 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014 polo que non poderán ser solo obxecto de regulación harmonizada os servizos incluídos nas categorías 1 ao 16 do TRLCSP senón que estará suxeito a regulación harmonizada calquera servizo que supere o valor estimado de 209.000 €uros.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición.

3.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

En virtude do decreto de delegación 480/2016 o órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Ames é a Xunta de Goberno Local.

O órgano de contratación ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos a que este respecto se diten serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración inicial do contrato será de **TRES ANOS**, podendo prorrogarse un ano máis ata un máximo de CATRO ANOS (incluído período inicial e prórrogas).

O prazo de implantación do servizo será de **tres (3) meses** a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato.

A prórroga será obrigatoria para o contratista.

Excepcionalmente, poderase admitir unha execución forzosa do contrato, cando, unha vez extinguida a duración total do mesmo, non conclúise o procedemento para proceder a unha nova adxudicación. Esta execución forzosa acordarase polo órgano de contratación, e será obrigatoria para o empresario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Neste caso, as condicións do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da execución forzosa.

5.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, ao amparo do

establecido nos artigos 157 ao 161 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en adiante TRLCSP.

Dado que o contrato se atopa incluído entre as categoría 1 a 16 do Anexo II do TRLCSP (categoría 5) o o seu valor estimado e igual ou superior a 209.000 €uros, IVE excluído, de acordo co citado no artigo 2.9 da directiva 2014/24 e da restante normativa concordante, é un contrato suxeito a regulación harmonizada.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, atenderase a varios criterios, directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.3 do TRLCSP.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

6.- PREZO DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO

O orzamento máximo de licitación ascende a **223.140 €uros** máis 46.860 €uros de IVE (21%) o que fai un importe total de **270.000 €uros**.

ANUALIDADE	IMPORTE	IVE 21%	TOTAL
2018	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €
2019	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €
2020	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €
TOTAL	223.140,60 €	46.859,40 €	270.000,00 €

Orzamento base licitación (Sen IVE)	Prorrogas	Modificación contrato (10%)	Valor Estimado
223.140,00 €	74.380,00 €	22.314,00 €	319.834,00 €

O valor estimado do contrato ascende a **319.834 €uros** cumprindo así co establecido no artigo 88 do TRLCSP.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como o Imposto sobre o Valor Engadido e demais tributos que sexan de aplicación, segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ao IVE figurará como partida independente.

No prezo do contrato considerase incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego e no Prego do Prescricións Técnicas.

Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún caso, exceder do importe do presuposto base de licitación. Rexeitaranse as proposicións económicas que excedan de ditas cantidades

7.- FINANCIAMENTO

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, o financiamento do contrato farase coa seguinte distribución de anualidades.

FINANCIAMENTO POR ANUALIDADES			
ANUALIDADE	IMPORTE	IVE 21%	TOTAL
2018	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €
2019	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €
2020	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €

2021	74.380,20 €	15.619,80 €	90.000,00 €
TOTAL	297.520,80 €	62.479,20 €	360.000,00 €

O financiamento deste contrato levarase a cabo con cargo a aplicación orzamentaria 926.22200 do vixente orzamento municipal.

Dado que o presente contrato tramítase anticipadamente, e de acordo co previsto no artigo 110.2 do TRLCSP, a execución deste contrato iniciarase no exercicio 2018, polo que non terá efectos económicos no presente ano.

De acordo co previsto no artigo 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual se subordinarán ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. En consecuencia, a adxudicación do presente contrato queda condicionada, no que se refire á anualidade do 2017 e 2018 á inclusión no orzamento da correspondente consignación, axeitada e suficiente, para facer fronte aos gastos derivados do mesmo en ditos exercicios.

A eficacia do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións do contrato no exercicio correspondente.

Este prezo engloba o importe total dos servizos e nel enténdense incluídos todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos.

8.- REVISIÓN DE PREZOS

En canto á revisión de prezos establececese expresamente a improcedencia da revisión de prezos de acordo co disposto no artigo 89.1 do TRLCSP, posto en relación coa Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, respecto aos índices xerais dos contratos do Sector Público.

9.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non será esixible clasificación, de acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non obstante, co obxecto de facilitar a tramitación documental, aqueles licitadores que contén con clasificación, e así o acrediten, poderán acreditar a súa solvencia mediante a mesma nos seguintes grupos, subgrupos e categorías, en caso contrario deberán de acreditala, de acordo co establecido na cláusula 10.3 do presente prego.

Grupo V	Subgrupo 4: Servizos de telecomunicacións	Categoría 2
---------	---	-------------

10.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán presentar ofertas, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

10.1 A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

10.2 A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade

administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

10.3. A solvencia do empresario:

1) Criterios relativos á solvencia económica e financeira do empresario.

A solvencia económica e financeira acreditarase, alternativamente, polo medio ou os medios que se sinalan a continuación:

a) Declaración relativa á cifra anual de negocios do licitador ou candidato que, referido ao ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos, deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e **polo menos unha vez e media o valor anual medio se a súa duración é superior a un ano.**

Para os efectos do indicado no apartado anterior, o valor medio anual e a solvencia esixida é:

ANUALIDADE MEDIA IVA EXCLUÍDO	SOLVENCIA ESIXIDA (1,5 VECES ANUALIDADE MEDIA)
79.958,50 €	81.157,87 €

O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil.

b) O patrimonio neto segundo o balance correspondente ao último exercicio económico das contas anuais aprobadas deberá superar o 20 por 100 do importe.

O patrimonio neto do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas correspondentes ao último exercicio pechado e depositadas no Rexistro mercantil ou oficial que corresponda, se está vencido o prazo de presentación e atópanse depositadas; se non o estivesen, deben presentalas acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano de administración competente. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro mercantil deberán presentar os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil.

2) Criterios de selección relativos á solvencia técnica e profesional do empresario.

Relación dos principais servizos realizados no últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

Esíxese que o **importe anual acumulado sen incluír impostos no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado, en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato.**

Para os efectos do indicado no apartado anterior, o valor medio anual do contrato e a solvencia esixida é:

ANUALIDADE MEDIA IVE EXCLUÍDO	SOLVENCIA ESIXIDA (70% ANUALIDADE MEDIA POR SER INFERIOR AO VALOR ESTIMADO DO CONTRATO)
79.958,50 €	55.970,60 €

A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos executados polo empresario e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase á pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación duns e outros, e nos demais casos á igualdade entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV. A estes efectos, os códigos CPV do contrato son 64200000-8, Servizo de telecomunicacións, 64210000-1, Servizos telefónicos e de transmisión de datos, 64212000-5, Servizos de telefonía móbil e 50332000-1, Mantemento de infraestruturas de telecomunicacións.

Relación de servizos efectuados nos últimos CINCO ANOS, acompañados de <u>certificados de boa execución ou no su caso declaración do empresario.</u>				
Denominación e obxecto	Importe	Data de finalización da execución (dia/mes/ano)	Destinatario	
			Publico	Privado

11.- ADSCRICIÓN MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Ao marxe de acreditar a súa solvencia técnica polos medios anteriormente citados, de acordo co artigo 64.2 do TRLCSP, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente, e cuxa efectiva adscripción se considera obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.f) do TRLCSP.

A tal efecto deberá cumprimentar o Anexo III e incluílo no Sobre A denominado “Documentación Administrativa” .

A substitución dos medios persoais, tanto os esixidos como mínimos como os ofertados ao longo da execución da prestación do servizo, será por persoal de análogo perfil profesional, e deberá se aprobado polo responsable do contrato, e coñecido polo órgano de contratación.

12.- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS

Poderase contratar con Unións Temporais de Empresas que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

13.- ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

Ó tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto ó que se refire o presente prego, anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante do Concello de Ames (art. 142 e 53 do TRLCSP).

O artigo 190.1.b TRLCSP establece que cando os contratos estean suxeitos a regulación harmonizada, non será necesaria a publicación nos diarios nacionais sendo suficiente a publicación no Diario Oficial da Unión Europea; non obstante, a efectos de máxima concorrencia pode procederse a súa publicación, aínda non sendo obrigatoria.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da páxina web municipal www.concellodeames.gal, e dentro da mesma, no perfil do Concello de Ames, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 da TRLCSP.

14.- CONSULTA DOS PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS.

As persoas interesadas poderán consultar e obter unha copia dos pregos e demais documentación técnica no perfil do contratante do Concello de Ames: www.concellodeames.gal

15.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓNS

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas nun prazo que **non será inferior a cincuenta e dous días**, contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea (art. 159 do TRLCSP), en **dous sobres** pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos dos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en sábado, domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.929) no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de

licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego, vincula ao licitador coa Administración e presume por parte de dito licitador a aceptación incondicional, sen salvidade nin reserva algunha, das cláusulas e condicións deste prego. Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

As proposicións serán secretas e arbitraranse aos medios que garanten tal carácter ata o momento en que se proceda a apertura en público das mesmas.

16.- EMPRESAS PROPOÑENTES, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS

16.1.- Empresas licitadoras.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos que sexa esixible polo TRLCSP, para o caso de empresas españolas.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición; tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción desta normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

16.2.- Documentación.

Os licitadores presentarán **DOUS (2) SOBRES** pechados e asinados por él mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicarán ademais da razón social e denominación da entidade participante, o título do procedemento licitatorio que conterán: SOBRE A "*Documentación administrativa*" esixida para tomar parte na licitación, SOBRE B denominado "*Criterios avaliáveis de forma automática. Proposición Económica.*" axustadas ao modelo que se inclúe neste Prego (Anexo VI).

17.- PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES

17.1.- Sobre A denominado "*Documentación administrativa*"

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: "*Documentación xeral para a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación suxeito a regulación harmonizada do Servizo de Telecomunicacións de Voz (tanto fixa como móbil), acceso a internet de banda larga e transmisión e almacenamento de datos para o Concello de Ames, e, presentada por.....*" (denominación social, CIF, persoa que o representa, DNI, enderezo social, teléfono, fax e correo electrónico de contacto)". Dito sobre conterá:

1) Declaración Responsable, consonte ao Anexo II subscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

2) Declaración Acreditativa que conteña os datos identificativos do licitador, na que se indicará o nome do representante, DNI, CIF da empresa, enderezo, nº de telefono, nº de fax e correo electrónico do empresario e/ou do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta da o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

3) Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a prestación do servizo, **consonte ao Anexo III.**

4) Declaración de porcentaxe de subcontratación para a prestación do servizo

consonte ao **Anexo IV**.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na cláusula 39 do presente prego axustado ao Anexo IV. Non entanto, de acordo co establecido na citada cláusula do presente prego, requirirá autorización previa do órgano competente.

5) Certificado sobre traballadores con discapacidade para a prestación do servizo consonte ao **Anexo V**.

Para os efectos dispostos na cláusula 20.7 (criterios de desempate) presentárase unha declaración axustada ao Anexo V

17.2.- Sobre B denominado “Criterios avaliábles de forma automática. Proposición Económica.”

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará *“Criterios avaliábles de forma automática. Proposición Económica para a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación suxeito a regulación harmonizada do Servizo de Telecomunicacións de Voz (tanto fixa como móbil), acceso a internet de banda larga e transmisión e almacenamento de datos para o Concello de Ames, presentada por.....”* (nome ou denominación social, CIF, persoa que o representa, DNI, enderezo social, teléfono, fax e correo electrónico de contacto)"

O sobre conterá a documentación que os licitadores consideren axeitada para que lles será valorada de acordo cos criterios de valoración, incluída a oferta económica, que se reflicten na cláusula 20.5 dos presentes pregos así como no apartado 7 do cadro anexo, proposición que se fará conforme ó modelo que figura como **ANEXO VI** deste prego.

Ademais deberá incluírse neste sobre a documentación relativa á oferta técnica á que fai referencia o punto 15 (oferta técnica) do prego de prescricións técnicas.

O licitador comprométese a manter a oferta por un prazo mínimo de tres meses, a contar dende a apertura das proposicións.

O empresario que licite en Unión Temporal con outros empresarios non poderá, a súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en mais dunha Unión Temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar a non admisión de todas as proposicións por él subscritas (art. 145.3 TRLCSP).

Confidencialidade

Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

18.- DOCUMENTOS: Orixinais e Copias

1. - Os documentos que acompañen ás proposicións serán orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou polo funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

2. - Devolución da documentación. - A documentación presentada polas empresas que non resultasen adxudicatarias poderá ser retirada por estas unha vez transcorridos tres meses naturais contados desde o día seguinte á notificación da resolución da adxudicación definitiva ás persoas participantes e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da que non fose retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre esta.

3.- Retirada ou destrución da documentación presentada.- Unha vez expirado o prazo para recorrer a adxudicación definitiva, toda a documentación das ofertas que non resulten adxudicatarias, a excepción do modelo da oferta económica, devolverase aos licitadores que o soliciten, sendo a súa costa os gastos de devolución que poida supoñer.

Transcorridos seis meses dende a adxudicación do contrato sen que proceda a retirar dita documentación, será destruída polo Concello para o seu posterior reciclado, a excepción dos documentos xustificativos, en caso de que se esixira, da garantía provisional que se

conservaran para a súa entrega aos interesados.

19.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá prestarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía, se é o caso, e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

20.- APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

20.1.-Cualificación dos documentos:

A composición da Mesa de Contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A súa composición publicarase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, con antelación á reunión que se celebre para a cualificación da documentación.

De ser o caso, o órgano de contratación quedará facultado para solicitar o asesoramento dun ou varios expertos especializados na materia obxecto do contrato.

20.2.- Fases

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 da TRLCSP.

20.3.- Procedemento de Apertura de Plicas e Ofertas

a) Apertura do Sobre A denominado “Documentación Administrativa”:

Constituída a Mesa de Contratación na data sinalada procederase á cualificación da documentación presentada polos licitadores segundo establece o artigo 146 do TRLCSP.

b) Apertura do “Sobre B” denominado “Criterios avaliábles de forma automática. Proposición Económica.”

De acordo co previsto no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, a apertura do “Sobre B” (Criterios avaliábles de forma automática. Proposición Económica) farase nun acto de carácter público, nun prazo **non superior aos sete días** dende a apertura da documentación administrativa á que se refire o artigo 146 do TRLCSP, convocando aos licitadores que resultaran admitidos na apertura dos “Sobres A” ,exclusivamente, cunha **antelación mínima de dous días** a través dun anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

A apertura celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no Perfil do Contratante.

Previamente, o presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados nos “Sobres A”, con indicación das proposicións admitidas, das rechazadas e da causa/s da non admisión destas últimas.

Antes da apertura da primeira proposición convidáraselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

As ofertas que correspondan a proposicións rechazadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato, e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

A continuación procederase en acto público a apertura dos referidos “Sobres B”, dos licitadores admitidos, dando lectura á súa proposta.

Posteriormente, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixárase constancia na acta da reunión da Mesa.

O órgano de contratación, conforme ao artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos

estimen pertinentes.

d) Defectos ou omisións subsanables:

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaráselle verbalmente e mediante fax ou correo electrónico ós interesados, e se anunciará polo órgano de contratación, concedéndose un prazo, **non superior a tres días hábiles**, para que os licitadores corrixan ou subsanen ante a propia Mesa de Contratación (Art.81.2 do RXLCAP).

e) Aclaracións e requirimentos de documentos:

Ós efectos establecidos no referente á solvencia económica e financeira, técnica ou clasificación e prohibicións para contratar, o Órgano e a Mesa de Contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados, ou requirirle para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de **cinco días hábiles**, sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas, conforme ó disposto no art. 22 do RXLCAP.

Do actuado conforme a esta cláusula deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse

20.4.- Rexeitamento de proposicións.-

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación do concurso que figuran no presente prego.

20.5.- Criterios de valoración.

Criterios avaliados de forma automática. Proposición Económica,

a) Proposición Económica, ata un máximo de 50 puntos

Valoraranse as melloras no prezo total ofertado de acordo coa fórmula de valoración da Deputación da Coruña, publicada en www.dacoruna.gal/valoracion

b) Criterios avaliados de forma automática, ata un máximo de 50 puntos

A valoración inicial realizarase ata unha puntuación de 56 puntos os cales aplicaráselle unha fórmula descrita a continuación para o cálculo da puntuación final, que como moito acadará os 50 puntos que como máximo están contemplados para o prego técnico.

$$\text{Ptos. (sobre 50)} = \frac{50 * \sum \text{puntos oferta}}{56}$$

Servizos de voz (telefonía fixa e móbil integrada) (12 puntos)

Tempos de provisión-resolución (12 puntos) (melloras no tempo de resolución de incidencias/tempos de provisión de liñas, tempos de provisión de terminais, ...)

Criterio (TEMPOS DE PROVISIÓN)	Prazo máximo esixido	Carácter
Provisión liñas móbiles voz	(*)	(*)
Provisión liñas fixas voz (RTB, xDSL, RDSI)	5 días	LEVE
Provisión de terminais (móbiles/sobremesa)	5 días	LEVE

(*) Non se esixe prazo mínimo posto que a provisión de liñas móbiles por parte das operadoras realízase **no mesmo día** como norma xeral.

Critério	Puntuación
Redución nos tempos de provisión en UNIDADES de 1 día	1 punto adicional/unidade, ata un máximo de 4 puntos

Non se valorarán tempos de provisión inferiores a 1 día

Critério (TEMPOS DE RESOLUCIÓN)	Prazo máximo esixido	Carácter
Resolución incidencias liñas móbiles voz	2 días	LEVE
Resolución incidencias liñas cable voz	2 días	LEVE
Resolución incidencias terminais (móbil/sobremesa)	2 días	LEVE
Resolución incidencias masivas de voz	2 días	GRAVE

Todos aqueles tempos de resolución de incidencias que teñan orixe en causas de forza maior (desastres naturais, incendios, etc) así como obra civil derivada da solución da incidencia non será tida en conta como computable a tal efecto.

TEMPOS DE RESOLUCIÓN PARA INCIDENCIAS LEVES (4 puntos)	
Critério	Puntuación
Redución nos tempos de resolución en UNIDADES de 8 horas	0,5 puntos adicional/criterio, ata un máximo de 4 puntos

TEMPOS DE RESOLUCIÓN PARA INCIDENCIAS GRAVES (4 puntos)	
Critério	Puntuación
Redución nos tempos de resolución en UNIDADES de 8 horas	1 punto adicional/criterio, ata un máximo de 4 puntos

Servizo de datos, internet e almacenamento (44 puntos)

Tempos de provisión-resolución (8 puntos) (melloras no tempo de provisión de enlaces de datos, vpn, ...)

Critério (TEMPOS DE PROVISIÓN)	Prazo mínimo esixido	Carácter
Provisión enlaces cable/fibra óptica en sedes remotas	5 días	LEVE
Alta VPN centro remotos por cable	5 días	LEVE


TEMPOS DE PROVISIÓN (4 puntos)	
Critério	Puntuación
Redución nos tempos de provisión en UNIDADES de 1 día	1 punto adicional/criterio, ata un máximo de 4 puntos

Critério (TEMPOS DE RESOLUCIÓN)	Prazo mínimo esixido	Carácter
Resolución incidencias enlaces de datos cable/fibra óptica (VPN)	2 días	GRAVE
Resolución incidencias en enlaces de internet	2 días	GRAVE
Resolución incidencias masivas de datos	2 días	GRAVE


TEMPOS DE RESOLUCIÓN PARA INCIDENCIAS GRAVES (4 puntos)	
Critério	Puntuación
Redución nos tempos de resolución en UNIDADES de 8 horas	1 punto adicional/criterio, ata un máximo de 4 puntos

Mellora da velocidade do acceso a internet e velocidade de conexión coas sedes remotas (22 puntos)


Mellora da velocidade do acceso a internet (mínimo esixido 150 MB/s simétricos) (10 puntos)	
Critério	Puntuación
Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB	1 puntos adicional ata un máximo de 10 puntos



Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas tipo I (mínimo esixido 50 MB/s simétricos) (6 puntos)	
Criterio	Puntuación
Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB	1 punto adicional ata un máximo de 6 puntos




Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas tipo II (mínimo esixido 30 MB/s simétricos) (6 puntos)	
Criterio	Puntuación
Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB	1 punto adicional ata un máximo de 6 puntos



SEDES REMOTAS TIPO 2
ANCHO DE BANDA SIMÉTRICO OFERTADO


Melloras nas características das liñas de Backup (6 puntos)

Mellora da velocidade das liñas de Backup (Backup principal, sede CPD: 30 MB simétricos) (3 puntos)	
Critério	Puntuación
Por cada incremento do ancho de banda en unidades de 10 MB	1 punto adicional, ata un máximo de 3 puntos



Mellora da velocidade das liñas de Backup (Backup sedes remotas : 10 MB simétricos) (3 puntos)


Criterio	Puntuación
Por cada incremento do ancho de banda en UNIDADES DE 10 MB	1 punto adicional, ata un máximo 3 puntos




Melloras nas características da cabina de almacenamento de datos (5 puntos)

Mellora do almacenamento SSD (2 puntos)

Criterio	Puntuación
Por cada incremento do almacenamento SSD en 1 TB	1 punto adicional, ata un máximo de 2 puntos.



Mellora do almacenamento SAS (3 puntos)	
Criterio	Puntuación
Por cada incremento do almacenamento SAS en 2,5 TB	1 punto adicional, ata un máximo de 3 puntos.



Melloras nas características do servizo de streaming (3 puntos)

Melloras do servizo de streaming (3 punto)	
Criterio	Puntuación
Polo incremento no ancho de banda suficiente para a reprodución dun arquivo de vídeo de 720x480 e 4GB por 30 usuarios simultaneamente	1,5 puntos adicionais, ata un máximo de 1,5 puntos.
Polo incremento en 300GB na capacidade de almacenamento do servidor.	1,5 puntos adicionais, ata un máximo de 1,5 puntos.

20.6.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados (Baixa Temeraria).

Estarase ao disposto no TRLCSP e o criterio establecido para apreciar as ofertas anormais e/ou desproporcionadas será o fixado no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, darase audiencia ao licitador que a presentase para que no prazo de cinco días naturais xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a desenvolver a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

20.7 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP.

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior

porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán cumprimentar e presentar o Anexo V do presente prego.

20.8.- Renuncia

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración, de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato, realizada en calquera fase de tramitación do expediente, faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía provisional ou no seu caso a definitiva, sen prexuízo da esixencia da indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP

A renuncia do licitador incurso en baixa temeraria, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa temeraria dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no art. 161.4 da TRLCSP.

21.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS POLO LICITADOR

21.1.- O órgano de contratación conforme ó artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cuantos informes técnicos estime pertinentes.

21.2.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en orixinal ou copia compulsada, do declarado previamente, e outra documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos.

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas estranxeiras

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á

Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

A-8) Imposto de Actividades Económicas

O empresario adxudicatario deberá achegar o último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdise aínda a obrigaón de pago. O alta deberá achegarse, en todo caso, cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación estará referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non darse de baixo na matrícula do citado Imposto.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

C) Acreditación da clasificación

Ao tratarse dun contrato de servizos, non se require clasificación, aínda que esta poderá achegarse para acreditar a solvencia.

D) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional

A solvencia económica e financeira, técnica ou profesional poderá acreditarse tanto polos medios establecidos na cláusula 10.3 do presente prego como mediante a correspondente clasificación.

Grupo V	Subgrupo 4: Servizos de telecomunicacións	Categoría 2
---------	---	-------------

E) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

F) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concurra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRCLSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

G) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan ao puntos a que se refire o artigo 328 do TRCLSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro

de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e dos rexistro de convenios, publicada no BOP nº 64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D), E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

H) Certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social

I) Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado

K) Seguro de Responsabilidade Civil

Deberá achegarse unha copia do contrato dun seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de seiscentos mil €uros (600.000 €uros), que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato. A formalización do seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

L) Xustificante de ter constituída garantía definitiva

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

M) Xustificante de ter aboado os gastos dos anuncios.

22.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco (5) días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación será motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores publicándose, ao mesmo tempo, no perfil do contratante.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer conforme a lexislación aplicable un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- b) Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

23.- PUBLICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada o anuncio de formalización publicarase no Diario Oficial da Unión Europea, non obstante, a efectos de máxima concorrencia pode procederse, aínda non sendo obrigatoria, a publicación ademais de no perfil do contratante do Concello de Ames no Boletín Oficial do Estado (artigo 190.1.b TRLCSP).

Ao ser o contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación, conforme ao artigo 40.1 e 156.3 do TRLCSP **a formalización non poderá efectuarse antes de que**

transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores ou candidatos.

Unha vez transcurrido ese prazo, sen que se houbera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato **no prazo non superior a cinco días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que se houbera recibido a notificación para a formalización.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude as condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. No obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderán incluírse no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP).

Serán de conta do adxudicatario/s, se é o caso, os gastos derivados da formalización do contrato, incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes ou gastos que orixine a adxudicación.

Previamente a formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento destes gastos que orixine a licitación e formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso houbera esixido.

Si a causa da non formalización fosen imputables a Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

24.- PRAZO DE GARANTÍA

Dada a natureza deste contrato, non é esixible prazo de garantía.

Todo o anterior, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais que puidesen serlle imputables ao contratista polos vicios, defectos ou omisións en que puidese incurrir como consecuencia da súa actuación.

25.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente, ata un máximo de 1.500 euros (IVE incluído), segundo o establecido no artigo 67 e 75 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

26.- RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co artigo 52 do TRLCSP o órgano de contratación designará a un responsable de contrato ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, así como reforzar o control do cumprimento deste e axilizar a solución das diversas incidencias que poidan xurdir durante a súa execución.

Ao amparo da Recomendación 1/2011 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia o responsable do contrato exercerá concretamente as seguintes funcións:

- a) Promover e convocar as reunións que resulten necesarias ao obxecto de solucionar calquera incidente na execución do obxecto do contrato nos termos que mellor conveña aos intereses públicos.
- b) Propoñer ao órgano de contratación a resolución de incidencias xurdidas na execución do contrato, seguindo o procedemento establecido no art. 97 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos de Administracións Públicas.
- c) Propoñer a imposición de penalidades por incumprimento de funcións do adxudicatario.
- d) Propoñer, de ser o caso, a prórroga do contrato.
- e) Propoñer o exercicio das prerrogativas contidas no art. 210 do TRLCSP
- f) Establecer as directrices oportunas en cada caso, podendo requirir ao adxudicatario, en

calquera momento, a información que precise acerca do estado de execución do obxecto do contrato, das obrigas do adxudicatario, e do cumprimento dos prazos e actuacións.

g) Asistir aos actos de recepción e subscribir a/s acta/s de recepción (ou documento que acredite a conformidade ou desconformidade no cumprimento), e de ser o caso dar ou non a conformidade coas facturas presentadas.

h) Dirixir instrucións ao contratista sempre que non supoña unha modificación do obxecto do contrato nin se opoña ás disposicións en vigor ou ás derivadas dos pregos e demais documentos contractuais.

i) Inspeccionar e ser informado, cando o solicite, do proceso de realización ou elaboración do servizo que haxa de ser entregado, ou se estea a prestar.

27.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A modificación deste contrato só poderá producirse de acordo co sinalado nos art. 219, 105, 107 e 108 do TRLCSP, podendo ampliarse o alcance dos servizos contratados para dar servizo a novos usuarios ou novos centros do Concello de Ames ata unha porcentaxe máxima do prezo do contrato do 10%.

Nin a empresa adxudicataria nin o responsable do contrato poderán introducir ou executar modificación algunha no obxecto do contrato sin a debida aprobación previa e, no seu caso, do orzamento correspondente. As modificacións que non estean debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista.

De acordo co artigo 211 do TRLCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista. As modificacións do contrato deberán formalizarse de acordo co disposto no artigo 108 do TRLCPS.

28.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

1) Prazo de execución e entrega dos traballos

A data oficial de comenzo dos traballos será ao día seguinte ao da sinatura do contrato.

Durante o período de prestación do servizo, o adxudicatario do contrato deberá manter reunións periódicas cos responsables municipais do servizo. De igual maneira, os responsables municipais poderán convocar tantas reunións consideren necesarias de cara a asegurar que a xestión do servizo se axusta ás necesidades que se formulan.

Unha vez adxudicado o servizo o adxudicatario deberá presentar, no prazo de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a data de formalización do contrato un **Plan de Calidade** que conterá Plan de implantación, Plan de Migración, Plan de Probas conforme ao establecido no Prego de Prescricións Técnicas. Unha vez aprobado polo concello disporá de 3 meses para implantar ao 100 % os servizos ofertados.

Todos os costes de elaboración e supervisión de dito plan correrán a cargo do adxudicatario.

2) Plan de implantación

A empresa adxudicataria deberá dispor dos recursos humanos axeitados e suficientes para prestar apoio e soporte técnico ao concello co fin de garantir o correcto e óptimo desenvolvemento das fases de implantación.

Os adxudicatarios deberán prover dun Plan de implantación. Dito Plan contemplará a migración dos servizos actuais, en caso de ser necesario, e propondrá un plan de probas e posta en marcha do Servizo antes do paso á fase de explotación.

O Plan de implantación comprenderá a instalación, configuración e posta en marcha da solución e equipamento necesario, así como o desenvolvemento das probas de aceptación pertinentes.

3) Plan de Migración

O licitador deberá prover dun Plan de migración que contemple a evolución dos servizos, dende a situación actual ata o momento en que se realice a posta en funcionamento da solución.

Incluirase un calendario de actividades con prazos e recursos necesarios para a implantación.

O Plan de migración que o licitador propoña será consensuado co persoal do concello de maneira que se articulen as actuacións necesarias para o bo fin dos traballos.

Manteranse reunións de seguimento co obxecto de revisar o grao de cumprimento dos

traballos desenvolvidos.

4) Plan de probas

O licitador dentro da fase de implantación deberá incluír un Plan de probas que deberá ser consensuado co concello. O obxectivo deste Plan será garantir o correcto funcionamento do servizo ofertado.

Unha vez aceptadas as probas realizadas, considerarase oficialmente operativo o servizo e pasará a fase de operación e explotación

5) Traballos defectuosos ou mal executados

Ata que teña lugar a recepción, o contratista responderá da correcta realización dos traballos contratados e dos defectos que neles houberse, sen que sexa eximente nin lle dea dereito ningún a circunstancia de que os representantes da Administración os examinaran ou recoñecido durante a súa elaboración ou aceptado en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

O contratista quedará exento de responsabilidade cando os defectos no traballo sexan consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

Se se advertisen defectos no traballo realizado, o responsable municipal do contrato poderá recusar os que considere non satisfactorios. A recusación farase sempre por escrito motivado.

6) Control e inspección do servizo

O concello designará un Responsable de contrato, que baixo as ordes directas do responsable da Área de Reforma Administrativa asumirá a dirección do servizo, e será da súa competencia esixir o cumprimento estrito do contrato, para o cal poderá, en calquera momento, propoñer os métodos e medios necesarios para a súa consecución se os establecidos non ofrecen resultados excelentes.

Asemade desenvolverá sempre a interlocución co equipo de traballo a través do delegado do contratista.

7) Continuidade do servizo en períodos de implantación

Durante o período de implantación do servizo, o adxudicatario levará a cabo todas as actuacións que, conforme ao seu propio plan de implantación, sexan necesarias para garantir a continuidade e total operatividade en todo momento dos servizos que, sendo obxecto do contrato, xa se viñeran prestando por outros operadores.

O adxudicatario deberá garantir, unha vez rematado o prazo de execución do contrato, que manterá a completa e correcta operatividade dos servizos nas mesmas condicións nas que estes se viñan prestando ata que remate o período de transición requiridos para a efectiva posta en marcha dos servizos por parte do licitador que resulte adxudicatario do seguinte contrato.

29.- RÉXIME DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO E SANCIÓN

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para o seu desenvolvemento.

A efectos contractuais será incumprimento obxecto de penalización toda acción ou omisión da empresa adxudicataria que supoña un quebranto das esixencias especificadas nos pregos.

Os incumprimentos que puidese cometer o contratista clasificaranse segundo a transcendencia, en leves, graves e moi graves, de acordo cos seguintes criterios:

Considéranse incumprimentos MOI GRAVES e serán penalizados con multas de tres mil un €uros a seis mil (3.001 – 6.000 €):

- a) A demora inustificada no comenzo da prestación do servizo obxecto do contrato, 3 meses a partir do día seguinte á sinatura do contrato.
- b) A prestación manifestamente defectuosa ou irregular do servizo, con incumprimento das condicións establecidas.
- c) Fraudes na forma da prestación do servizo.
- d) A cesión, subrogación, subarrendo ou traspaso, en todo ou en parte, do servizo, baixo calquera modalidade ou título, sen a correspondente autorización do Concello.
- e) A desobediencia reiterada respecto das ordenes do Concello relativas a orden e forma de prestación do servizo.

f) A comisión de dous ou máis incumprimentos graves, da mesma natureza, no prazo de un ano.

Considéranse incumprimentos GRAVES e serán penalizados con multas de seiscentos un Euros a tres mil Euros (601-3000 €):

a) Por paralizacións ou interrupcións **por avarías masivas** aplicarase unha penalización mensual do 5% por cada hora adicional ou fracción de hora sen servizo en horario de actividade do concello, ata un máximo do 100% do importe da facturación, salvo causa de forza maior.

Entenderase por avaría masiva aquela que afecta de xeito simultáneo a mais dunha sede municipal e provoca a paralización total (100%) do servizo.

b) Non manter en bo estado de conservación, decoro e funcionamento a maquinaria e utillaxe.

c) A utilización de elementos persoais ou materiais asignados con carácter exclusivo a este contrato en outros servizos alleos a él.

d) Os incidentes habituais de persoal do servizo e en xeral a incorrección ou descortesía cos usuarios.

e) As irregularidades na prestación do servizo que impliquen incumprimento das obrigacións establecidas no presente Prego para o contratista, que non fosen enumeradas como incumprimentos moi graves e que pola súa natureza non deban considerarse como leves.

f) A reiteración, por dúas ou máis veces, no prazo de 6 meses, na comisión de incumprimentos leves.

Consideraranse incumprimentos LEVES e serán penalizados con multas de contía inferior a seiscentos 600 Euros:

a) Por paralizacións ou interrupcións **por avarías non masivas** aplicarase unha penalización mensual do 3% por cada hora adicional ou fracción de hora sin servizo en horario de actividade do concello, ata un máximo do 50% do importe da facturación, salvo causa de forza maior.

Entenderase por avarías non masivas aquela que afecta a unha soa sede municipal e non afecta de xeito significativo ao resto de sedes nin provoca unha paralización total do servizo.

b) Por cada día de retraso sobre o prazo máximo de tramitación establecido para altas/provisións (5 días) poderá supoñer unha penalización mensual do 1% do importe da facturación.

Si o retraso estivera motivado exclusivamente pola rotura de stocks de terminais, o concello poderá empregar un dos dispoñibles no almacén in situ. Si nos seguintes 15 días o adxudicatario repón o material, a penalización non terá efecto.

c) Cada mes que o operador continúe enviando facturas dunha liña dada de baixa, poderá ser penalizado por un importe do 1% do importe da facturación.

O Concello non se fará cargo dos gastos xerados por unha liña, unha vez que exceda o tempo máximo establecido para a tramitación dunha baixa (2 días hábiles).

Consideraranse infraccións leves todas as demais non previstas anteriormente e que conculquen da algunha maneira as condicións establecidas neste Prego, en prexuízo do servizo.

30.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES

As citadas penalidades son acumulativas e non excluintes, e o seu pago non substituirá o resarcimento de danos e prexuízos por incumprimento da empresa adxudicataria nin lle eximirá de cumprir cas obrigacións contractuais, podendo o Concello esixir, conxuntamente, o cumprimento de ditas obrigacións e a satisfacción das penalidades estipuladas que se imputarán á factura ou a garantía, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida propoñer a resolución do contrato e a reclamación de danos e prexuízos.

Para proceder á imposición das penalidades indicadas é necesario que os incumprimentos, que poidan dar lugar as mesmas, queden debidamente constatados.

A imposición destas penalidades acordarase previa tramitación do oportuno expediente administrativo. Deste incumprimento darase traslado ao contratista para que poida

formalizar as alegacións oportunas no prazo de 10 días hábiles, tras os cales acordárase o que proceda, sen prexuízo da obrigación da adxudicataria a subsanar a deficiencia na prestación do servizo e reparar os danos e perxuízos irrogados como consecuencia desta.

Notificada a resolución impondo a sanción, o seu importe deberá aboarse dentro dos quince días hábiles seguintes con advertencia de que, en caso de que non fose satisfeita, poderase detraer da garantía definitiva depositada ou dos pagamentos pendentes á empresa, debendo repoñer o contratista o importe da garantía á súa totalidade por requirimento do órgano de contratación no prazo de quince días dende que este se produza.

31.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución do contrato, as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos dereitos que se establecen nos mesmos.

Ademais do incumprimento das obrigas establecidas no prego de cláusulas administrativas e no de prescricións técnicas, constituirá causa de resolución do contrato imputable ao contratista:

a) O incumprimento da obrigación de gardar sxiilo sobre os asuntos que coñezan por razón do contrato.

b) O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato. Entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos e materiais precisos para o normal desenvolvemento do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de 5 días a contar dende o requirimento, sen prexuízo de que poida adoptar as medidas oportunas, por conta do contratista, para a continuade do servizo.

c) A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, nalgunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

A aplicación e os efectos das causas de resolución do contrato será as previstas legalmente, con carácter principal nos artigos 224, 225 e 309 do TRLCSP.

32.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

1.- O contratista queda obrigado a realizar o servizo nos termos recollidos no prego de cláusulas administrativas e no de prescricións técnicas e ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida.

2.- Executar, a súa costa, as subsanacións dos traballos recusados por defectuosos ou incorrectos.

3.- Executar o contrato a risco e ventura do adxudicatario (art. 215 TRLCSP).

4.- O contratista está obrigado a achegar os medios e equipamentos precisos para a boa execución do contrato, así como o persoal e demais esixencias que, de ser o caso, se determinen no prego de prescricións técnicas.

Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, polo que este terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empresario e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral e de prevención de riscos laborais.

5.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero que lles ocorrese aos traballadores con motivo do exercicio dos traballos, a empresa adxudicataria cumprirá o que dispoñen as normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sin que esta alcance de xeito ningún ao Concello de Ames.

6.- O contratista quedará obrigado, con respecto ao persoal que empregue na prestación do servizo, ao cumprimento das disposicións en materia de lexislación laboral e de seguridade social vixentes durante a execución do contrato, así como á normativa de prevención de riscos laborais.

7.- O incumprimento destas obrigas ou as infraccións sobre as disposicións de seguridade non implicarán responsabilidade ningunha para o Concello de Ames.

8.- En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre o Concello de Ames e a empresa contratista. Coa extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello.

9.- Cando o contratista, ou as persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir restablecer a boa orde na execución do pactado.

10.- Se a execución non se axustase ao previsto no contrato, o Concello poderá rexeitar a prestación contratada, quedando exenta do pago do prezo ou recuperando o prezo satisfeito, no seu caso

11.- A adxudicataria deberá usar preferentemente o galego como lingua de comunicación cos usuarios do servizo, tanto no desenvolvemento do mesmo como en toda a documentación utilizada na súa prestación, de acordo coa Ordenanza do Uso do Galego aprobada polo pleno do concello.

33.- OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

Establécense como obrigas contractuais esenciais en base ao artigo 223.f) do TRLCSP e polo tanto son causas de resolución do contrato o incumprimento do establecido na cláusula 28 do prego de cláusulas administrativas particulares e na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas.

34.- RECEPCIÓN

A recepción efectuarase nos termos e coas formalidades establecidas nos art. 222 e 307 TRLCSP e de acordo co sinalado no PPT.

35.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

36.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 do TRLCSP.

A extinción dos contratos de servizos, non poderá en ningún caso a consolidación das persoas que desenvolvan os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante (art. 301.4 TRLCSP).

37.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS

Os traballos obxecto do contrato regulado polo presente prego, en calquera das súas fases, quedarán en propiedade exclusiva do Concello, que poderá reproducilos, publicalos ou divulgarlos, total ou parcialmente, sen que poida opoñerse a iso o contratista alegando dereitos de autor. Esta propiedade do órgano de contratación levará consigo a súa autorización para calquera actuación de divulgación do traballo obxecto de contrato.

O contratista tampouco poderá utilizar para sí nin proporcionar a terceiros dato ningún dos traballos contratados sen a devandita autorización. En todo caso, o contratista será responsable dos danos e prexuízos que se deriven desta obriga.

Igualmente o contratista será o responsable de toda reclamación relativa á propiedade intelectual, industrial ou comercial dos materiais, procedementos e equipos utilizados na realización do contrato, e deberá indemnizar ao Concello de todos os danos e prexuízos que para este poidan derivarse da interposición de reclamacións por estes motivos, incluídos os gastos dos que eventualmente poidan dirixirse contra a Administración.

38.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO

1. - Dereito ao aboamento do servizo nos termos indicados no artigo 216 do TRLCSP.
2. - Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.
3. - Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.
4. - Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

39.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN DE TRABALLOS.

Cesión de contrato

Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, sempre que se cumpran os supostos e os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente

Subcontratación

En canto a subcontratación o contrato axustarase ao establecido no artigo 227 do TRLCSP.

40.- PAGAMENTO

Os traballos aboaranse con periodicidade mensual e por meses vencidos, previa presentación polo contratista da correspondente factura detallada que deberá estar conformada polo responsable ao respecto e, de acordo co establecido no artigo 216 do TRCLSP.

Ditas facturas deberán contemplar o importe da prestación mais o I.V.E. na porcentaxe daquel que se corresponda en cada momento, segundo a lexislación vixente. A factura reunirá os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Aos efectos do disposto no artigo 3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público o provedor deberá expedir a factura polo servizos prestados ou bens entregados, e terá a obriga, aos efectos do disposto nesta lei, de presentala ante o rexistro administrativo da entidade municipal nos termos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no prazo de trinta días dende a data de prestación do servizo.

Na factura deberá constar a identificación do órgano xestor, a unidade tramitadora e a oficina contable, con indicación dos correspondentes códigos de acordo co "Directorio Común de Unidades e Oficinas DIR3" xestionado pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas conforme ao seguinte:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames

41.- PERSOAL

O persoal adscrito aos traballos dependerá exclusivamente do contratista, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empresario respecto do mesmo.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen traballos obxecto do contrato como persoal do Concello.

As circunstancias reflitidas nos dous parágrafos anteriores deberán consignarse nos contratos de traballo que o contratista tivese que subscribir co seu persoal.

42.- LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL

1. - O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

2. - Obrigas laborais e sociais. - O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, a substituír o persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

43.- FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

44.- RESPONSABILIDADE. DANOS

1. - O contrato executarase con sometemento ao establecido no seu clausurado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica do servizo prestado, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

2. - A empresa adxudicataria deberá subscribir e ter vixente durante toda a vida do contrato un seguro de responsabilidade civil xeneral por importe mínimo de seiscentos mil euros. A formalización do devandito seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, pola súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ó órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia da mala execución do contrato.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

45.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN

Corresponde aos técnicos municipais a facultade de inspeccionar e vixiar o correcto cumprimento do contrato.

Así mesmo os ditos técnicos poderán dirixir instrucións ao contratista para o axeitado cumprimento do contrato.

46.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o cumprimento
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso se dará audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

47.- CUSTODIA E CONSERVACIÓN

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos traballos encargados, non permitíndose a entrega nin información a terceiras persoas, se non é coa expresa autorización do director, ou, de ser o caso, do órgano de contratación.

48.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estritas necesidades desta (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal).

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo

os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, fitas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberá cumprir co deber de segredo ou confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a súa execución, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo contractual (art. 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopen en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estarlo durante a súa vixencia. Para os efectos do cumprimento do recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar o seu persoal das obrigas que dimanan do establecido nestas normas.

49.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A garantía non se devolverá ou cancelará ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista (artigo 102 do TRLCPS).

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse aval ou seguro de caución.

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ó interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade adecuada incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data de devolución da garantía, si esta non se fixese efectiva por causa imputable a Administración.

50.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

O presente contrato ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas contidas no presente prego, no prego de prescricións técnicas

Os pregos citados teñen carácter contractual, e para todo o non previsto neles aplicarase o disposto na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato administrativo, ademais das súas prescricións, será a seguinte:

A Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público

O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP)

A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.

A Lei estatal 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprobe no marco que establece aquela.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares e a normativa sectorial específica á que estes se remitan por razón da materia en cada caso.

Os acordos e as resolucións sobre o réxime de atribución de competencias, as bases de execución do orzamento municipal e as ordenanzas e os regulamentos da corporación

En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, segundo ó disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición ou de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

ANEXO I				
CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO				
1.- Obxecto:	Contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adjudicación suxeito a regulación harmonizada do servizo de Telecomunicacións de Voz (Fixa e Móbil), acceso a Internet de banda larga, transmisión e almacenamento de datos para o <i>Concello de Ames</i> .			
2.- Orzamento de licitación	Orzamento Base de licitación	Prorroga (1 ano mais)	Modificación contrato (10%)	Valor Estimado
	223.140,00 €	74.380,00 €	22.314,00 €	319.834,00 €
3.- Duración do Contrato	A duración inicial do contrato será de TRES (3) ANOS , podendo prorrogarse ata un máximo de CATRO (4) ANOS , (incluído período inicial e prórrogas). As prórrogas serán obrigatorias para o contratista.			
4.- Revisión de prezos	Neste contrato non haberá revisión de prezos.			
5.- Consulta de pregos	Departamento de Contratación e páxina web do concello: www.concellodeames.gal (perfil do contratante).			
6.- Lugar de presentación de proposicións	No Rexistro Xeral do Concello de Ames, con domicilio na Praza do Concello s/n. Bertamiráns 15.220 AMES (A CORUÑA) Teléfono: 981883002, nun prazo que non será inferior a cincuenta e dous días, contados dende a data do envío do anuncio do contrato é Comisión Europea.			
7.- Criterios de Adjudicación:	Ver cláusula 20.5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares			
8.- Garantía provisional:	Non se esixe.			
9.- Garantía definitiva	O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido segundo o establecido no artigo 95 do TRLCSP, que presentará por calquera das formas establecidas no artigo 96 do citado texto			
10.- Mesa de contratación:	A composición da Mesa de Contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio. A súa composición publicarase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a cualificación da documentación.			
11.- Prazo de garantía	Dadas as características do servizo non se prevé prazo de garantía.			
12.- Posibilidade de modificación	O contrato poderá modificarse ata un 10% do seu prezo.			
13.- Fondos Europeos	Non se financia con fondos europeos			

ANEXO II.- Documento a incorporar en Sobre A
DECLARACIÓN RESPONSABLE PREVIA AO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP

"D/Dª..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do **SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES** (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. O fiel cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme esixe o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) nos termos e condicións previstos no mesmo.
2. Non estar incurso ((e/ou a empresa á que representa, os seus administradores ou representantes) en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP, nos termos e condicións previstos no mesmo.
3. Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, que no caso de resultar adxudicatario deberá achegar certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social e certificado de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias.
4. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do Concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

COMPROMISO DE DEDICACIÓN OU ADSCRICIÓN Á EXECUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES (ou actuando en nome propio).

CERTIFICA que as prestacións que constitúen o obxecto do contrato están comprometidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade da empresa _____, segundo resulta dos seus estatutos ou regras fundacionais. Así mesmo, manifesta o COMPROMISO de adscribir á execución de dito contrato aos medios persoais ou materiais suficientes para cumprir o Prego de Prescricións Técnicas nos seus xustos termos.

E para que así conste, aos efectos de participación na licitación para a adxudicación do contrato de " *Servizo de Telecomunicacións de Voz (Fixa e Móbil), Acceso a Internet de Banda Larga, Transmisión e Almacenamento de datos para o Concello De Ames* ", e de acordo co disposto nos artigos 57.1 e 64.2 do TRLCSP.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE PORCENTAJE DE SUBCONTRATACIÓN

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do SERVICIO DE TELECOMUNICACIÓN DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMIENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES (ou actuando en nome propio).

Declara que a porcentaxe de subcontratación para a prestación do Servizo de telecomunicacións de voz (fixa e móbil), acceso a internet de banda larga, transmisión e almacenamento de datos para o concello de ames a prezos ofertados será o seguinte:
_____ % (indicarase só o %, non o importe).

As ofertas que excedan do máximo establecido no cadro de características serán excluídas.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO V

CERTIFICADO SOBRE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES (ou actuando en nome propio).

CERTIFICA:

1) Que o número **global de traballadores** de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____ %.

2) Que a porcentaxe de **traballadores fixos** con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO VI.- DOCUMENTO A INCORPORAR NO SOBRE C

"D/Dª..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES (ou actuando en nome propio).

1) Oferta económica

PREZO TOTAL OFERTADO DURACIÓN INICIAL DO CONTRATO (3 ANOS)	IVE	PREZO TOTAL

2) Criterios avaliados de forma automática

A) Servizos de Voz (telefonía fixa e móbil integrada)

Tempos de provisión-resolución (melloras no tempo de resolución de incidencias/tempos de provisión de liñas, tempos de provisión de terminais, ...)

TEMPOS DE PROVISIÓN	Prazo máximo esixido	Redución nos tempos de provisión en UNIDADES de 1 día
Provisión liñas móbiles voz	(*)	
Provisión liñas fixas voz (RTB, xDSL, RDSI)	5 días	
Provisión de terminais (móbiles/sobremesa)	5 días	


(*) Non se esixe prazo mínimo posto que a provisión de liñas móbiles por parte das operadoras realízase **no mesmo día** como norma xeral.

TEMPOS DE RESOLUCIÓN	Prazo máximo esixido	Carácter	Redución nos tempos de resolución en UNIDADES de 8 horas
Resolución incidencias liñas móbiles voz	2 días	LEVE	
Resolución incidencias liñas cable voz	2 días	LEVE	
Resolución incidencias terminais (móbil/sobremesa)	2 días	LEVE	
Resolución incidencias masivas de voz	2 días	GRAVE	

B) Servizos de datos, Internet e Almacenamento


Mellora da velocidade do acceso a internet e velocidade de conexión coas sedes remotas

Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB
Mellora da velocidade do acceso a internet (mínimo esixido 150 MB/s simétricos)	




DATOS - ANCHO DE BANDA SIMÉTRICO OFERTADO

Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB
Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas tipo I (mínimo esixido 50 MB/s simétricos)	




Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB
Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas tipo II (mínimo esixido 30 MB/s simétricos)	




SEDES REMOTAS TIPO 2
ANCHO DE BANDA SIMÉTRICO OFERTADO

Melloras nas características das liñas de Backup

Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en unidades de 10 MB
Mellora da velocidade das liñas de Backup (Backup principal, sede CPD: 30 MB simétricos)	




Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en UNIDADES DE 10 MB
Mellora da velocidade das liñas de Backup (Backup sedes remotas : 10 MB simétricos)	




Melloras nas características da cabina de almacenamento de datos

Criterio	Por cada incremento do almacenamento SSD en 1 TB
Mellora do almacenamento SSD (2 puntos)	



Criterio	Por cada incremento do almacenamento SAS en 2,5 TB
Mellora do almacenamento SAS	



Criterio	Polo incremento no ancho de banda suficiente para a reprodución dun arquivo de vídeo de 720x480 e 4GB por 30 usuarios simultaneamente	Polo incremento en 300GB na capacidade de almacenamento do servidor.
Melloras do servizo de streaming		

3º) Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas deste contrato

4º) Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

- a) Non concorre con empresas vinculadas
b) Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación:
CIF:

(Lugar, data e sinatura do propoñente)